

OS ADVERBIOS

O adverbio

Os adverbios son palabras que expresan circunstancias de **lugar**, de **tempo**, de **modo** ou de **cantidade**, ou ben expresan **afirmación**, **negación** ou **dúbida**.

Forma:

Son invariables, non admiten variación de xénero, número nin persoa.

Función:

Complemento do verbo (corre moito)

Complemento do adxectivo (é moi guapa)

Complemento doutro adverbio (chega demasiado tarde)

1. Busca os adverbios e locucións adverbiais e escríbeos por orde e separados por comas.

1. Sen dúbida caerá auga a mares e, ao mellor, nin poderemos ir ao traballo.
2. De camiño que limpas os cadros, podes endereitalos, que torcen abondo.
3. Fuches antes alí? –Fun, abofé que me lembro ben!
4. Seica te divertiches moito onte, case era día e aínda non querías ir para a cama.
5. U-las cereixas? Están aí fóra, non as deixei dentro porque ía moita calor; xa que acabaches, adiante, vailles tirando o rabo que eu estou canso e teño que marchar axiña.

2. Substituír as palabras en cursiva por adverbios acabados en –mente. A primeira letra vai con maiúscula.

1. Desenvolvíao **con rapidez**.
2. Pódeo aturar **con comodidade**.
3. Ídevos colocando **con orde** e **en silencio**.
4. Non escribas tan **de présa** que cometes moitos erros.
5. **Por fin**, chegaches a conseguir algo.
6. Andou amañando **en segredo** o casamento da sobriña co rico do lugar.
7. Nesa casa nunca o trataron **con desdén**.
8. Ficareiche agradecido **para a eternidade**.
9. Os soldados irmandiños atacaron **con valentía** a fortaleza e conseguiron render **con prontitude** os inimigos.
10. Este traballo hai que realizalo **con moito rigor**.

3.-Substituír as palabras en cursiva por un adverbio.

1. **Neste momento** xa estou preparado para o exame.
2. **É fácil** que se cure de todo.
3. Se o fas **desta maneira**, entenderalo mellor.
4. Píntao **da forma** que queiras.
5. Bebeu **en abundancia** e non pode conducir.
6. Colócamo **nesta cadeira**.
7. Non sei se irei, o Cebreiro está **a bastante distancia**.
8. Vou en bicicleta, que Marín está **a pouca distancia**.
9. Creo que o deixei **sobre a** mesa.
10. Vai andando **sen apurarte** para faceres tempo.